

HISTORIA DO CEIP DE CAMPOLONGO

No ano 1972, o Ministerio de Educación e Ciencia, dentro do “Plan de Urgencia para Galicia 1972”, a través da Junta de Construcciones, Instalaciones y Equipamiento Escolar, aproba a construción dun Centro Escolar en Campolongo, para impartir Educación Xeneral Básica. A capacidade prevista para este centro é de 16 unidades. O Ministerio responsabiliza, como Director da construción, a D. Ramón Estalella y Manso de Zúñiga.



O día 1 de marzo do ano 1972 escomezan as obras de construción do edificio que logo se converterá nun centro piloto, destinado a introducir ensinanzas e experiencias innovadoras no ámbito da educación primaria. As obras duraron ata o 30 de setembro de 1972, data na que remata a construción.

O centro iniciou as súas actividades no ano 1973 como un centro experimental (C.E.P.), con unha distribución dos espazos adaptados para impartir sesións en macrogrupos para tratar temas xerais e con unha metodoloxía propia, impulsada pola súa primeira Directora Teresiana, Dña. María Jesús García Sánchez, quen pretendía acercar a filosofía do centro a do Colexio Somosaguas de Madrid, considerado como un dos máis vangardistas da época.

O longo da súa posta en marcha, o centro contou con profesorado provisional en servizos especiais, a gran maioría mestres xóvenes e procedentes dos recen renovados plans de estudo do Maxisterio, ata que no ano 1977, se incorporan o centro os cinco primeiros profesores/as definitivos/as que obtiveron a súa praza no concurso de traslados, para logo no 1978 incorporarse dezaseis novos profesores definitivos e cesando nos seus postos os provisionais. A partires desta data e ata a actualidade, a plantilla do centro se foi consolidando con profesores definitivos, con unha contrastada experiencia, derivada da necesidade de acumular moitos anos de servizo para poder acadar os puntos precisos que lle permitan acceder as prazas vacantes que se van producindo.



Durante os primeiros anos de funcionamento do centro, para a formación continua do profesorado, recorríase a prestixiosos profesores das Universidades de Madison e Stanfor de USA, así como a destacados pedagogos do momento (Postiguillo, o Padre Díaz de Rábago, ...), que impartían cursos de actualización en Campolongo.

Unha mostra do vangardismo do centro era a utilización xa no ano 1974 das novas tecnoloxías aplicadas a la educación, impartíndose clases prácticas en circuíto pechado de televisión e comezando a traballar con ordenadores no centro.

Despois da Ley do 70 e coa posta en marcha da LOGSE, o centro funcionaba con unha liña de Educación Preescolar de tres anos, outra para catro y outra para cinco anos, xuntamente con tres liñas de E.G.B., chegando incluso en algúns cursos a catro liñas, o que supoñía unha matrícula que sobrepasaba os mil alumnos.



O colexio está ubicado no barrio de Campolongo, un dos mais modernos e o mesmo tempo con mais historia da cidade, formando parte do parque de Campolongo, con unha longa historia pola súa relación coa antiga estación de ferrocarril, co río dos Gafos, cos seus muiños, pontes, lavadoiros, Cuartel Militar, etc. Actualmente funciona como un C.E.I.P. (Centro de Educación Infantil e Primaria) de liña tres e con unha matrícula arredor dos 525 alumnos/as e con unha plantilla de 37 profesores, incluíndo dous profesores especialistas en Educación Física, unha profesora en Educación Musical, catro en Linguas Extranxeiras (Inglés y Francés) e tres de Relixión (unha delas pertencente o Claustro e dúas compartindo docencia con outros centros). Conta tamén con especialistas en Audición e Linguaxe, Pedagogía Terapéutica, Orientadora, ademais dos servizos de unha coidadora para atender alumnos/as con necesidades educativas especiais.

Nestes momentos a plantilla do centro é equilibrada e estable, faltando por cubrirse unha praza de Especialista en E. Física e outra de P.T. con solo catro profesores provisionais e unha dirección en comisión de servizo, onde a media de idade é de 53,35 anos, lo que combina experiencia e ilusión, para ofrecer unha auténtica ensinanza de calidade.



O traballo do profesorado que curso tras curso foi pasando polo centro, pouco a pouco consolidou unha filosofía de traballo e un prestixio que os fai acredores a un recoñecemento público do bofacer que marca a historia pedagóxica de Campolongo.

A calidade educativa do centro se ve complementada con extraordinario traballo dunha Asociación de Pais e nais que conta con unha cifra cercana ó 90% de asociados e que programa cada curso

un amplísimo abanico de actividades extraescolares (deportivas, artísticas, de ocio e tempo libre, etc.) que favorecen unha aprendizaxe multidireccional e un enriquecemento integral do alumnado.

O colexio está, adscrito ó Instituto “Sánchez Cantón” a onde chegan os alumnos con unha exemplar preparación según as opinións do profesora do instituto.

As instalacións contan con unha superficie aproximada de 3.500 m², distribuídas da seguinte maneira:

- a) Edificio de Dirección-Administración cos despachos de: Dirección, Xefatura de Estudos e Secretaría; despacho de A.P.A., Biblioteca, Aula de Informática e Conserxería.
- b) Edificio con dezanove aulas de Educación Primaria, Tutorías por niveis, aula de P.T., aula de A.L., Departamento de Orientación, Aula de Idiomas, aula de Audiovisuais, Sala de Usos Múltiples e Sala de Profesores.
- c) Edificio Infantil: tres aulas de E. Infantil
- d) Edificio para Actividades Deportivas.
- e) Vivenda do Conserxe.
- f) Parque infantil.
- g) Patios de recreos e deportes.
- h) Pistas polideportivas exteriores de uso compartido co vecindario.



As demandas que presenta o centro na actualidade céntranse na necesidade de afrontar, de forma urxente, obras de mantemento y mellora que permitan adaptar os espazos dispoñibles ó novo modelo de ensino actual e así poder maximizar a súa rentabilidade, ademais de facer reparacións de mantemento moi precisas: teitos, pintado de paredes interiores e exteriores deterioradas polo paso do tempo e polas humidades, reparación de ventanais, etc.